

PROGRAMA DIRIXIDO Á INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA (artigo 4.1.a) ORDE DO 6/09/2021 subvención da Consellería de Política Social a corporacións locais para programas de emerxencia social e inclusión social)

XUSTIFICACION NECESIDADE:

Nos barrios de Recimil e San Pablo hai un número significativo de poboación de etnia xitana.

Os hándicaps aos que se enfronta esta poboación cara a acadar unha inclusión Sociolaboral son, entre outros:

- Escaso nivel socioeducativo e cultural o que incide no absentismo e fracaso escolar dos seus fillos e fillas.
- Ausencia de cualificación profesional
- Insuficientes recursos económicos e dependencia de axudas de carácter social
- Escasa motivación
- Falta de adaptación aos requirimentos que exige o mercado laboral: horarios, tarefas, trato
- Convivencia veciñal conflitiva polas dificultades para asumir normas de convivencia :ruídos a altas horas da madrugada, liortas, ocupacións ilegais; destrozos nos elementos comúns ademais de falta de hixiene . Percepción negativa dos barrios no resto da cidade.
- Maternidade e paternidade a temprana idade
- Socialización marxinal sen pautas de comportamento e con ausencia de valores básicos para a convivencia

Este proxecto pretende dinamizar a nivel socio educativo e cultural a comunidade dos barrios citados e ofrecer un “acompañamento” ás familias con maiores handicaps para que a través do seu proxecto persoal e familiar se convertan en transformadoras da dinámica convivencial dos barrios.

Se introduce a perspectiva de xénero coa finalidade de provocar unha reflexión sobre como as diferencias físicas levan aparelladas unha construción de roles e uns estereotipos que provocan unha inxusta desigualdade e como iso repercute na convivencia veciñal e social.

OBXECTIVOS :

- Por ás persoas e ás familias no centro do proxecto cara a que sexan as protagonistas dos cambios que procuren o empoderamento da familia e a transformación do barrio.
- Realizar un diagnóstico comunitario e personalizado identificando, xunto coas entidades e institucións con presenza no barrio e xunto coas persoas que o conforman, fortalezas e debilidades .
- Reflexionar sobre as consecuencias da desigualdade de xénero no logro de dereitos humanos.
- Captar ás persoas usuarias mediante entrevistas individualizadas, apertura de expediente, diagnóstico e compromiso
- Realizar entrevistas familiares e de grupos de veciñanza.
- Deseño de proxectos de intervención familiar e social que impliquen a todos os membros e aos veciños e veciñas do edificio e do barrio.
- Deseño de proxecto de intervención familiar cara ao papel da familia na prevención do absentismo escolar, na motivación ao estudo e aos hábitos.
- Deseñar o itinerario personalizado de inclusión social e/ou laboral.

Obxectivos específicos:

- Realizar o diagnóstico social da persoa: Situación actual, recursos persoais, recursos sociais e empregabilidade.
- Fomentar actitudes de respecto e solidariedade. Pautar normas e límites tanto a nivel familiar como comunitario e escolar.
- Propiciar cambios no funcionamento familiar: hixiene, reparto de responsabilidades, organización

doméstica.

- Xerar unha maior autonomía persoal e familiar favorecendo a adquisición de coñecementos que as capaciten para mellorar o acceso á cualificación profesional e ao emprego.
- Facilitar a través do acompañamento persoal a adquisición de habilidades sociais
- Capacitar en estratexias activas de formación e busca de emprego
- Promover a creación de redes sociais
- Realizar intermediación con empresas
- Procurar a adquisición de competencias persoais : autonomía, responsabilidade, compromiso
- Procurar a adquisición de competencias específicas cara á incorporación ao mercado de traballo ou, se non é posible, para acceder a outros ciclos formativos
- Capacitar en estratexias activas de busca de emprego
- Recoñecer as diferencias sexo-xénero
- Identificar as causas da desigualdade de xénero de da violencia de xénero
- Analizar o uso do tempo e o reparto de tarefas dentro das familias

Actuacións programadas no eido da formación:

Area de inclusión básica: Ate 30/11/2022: 1.600 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose e acompañamento social
- Mediación social e intercultural
- Taller de fortalecemento de capacidades persoais e sociais
- Obradoiro de creatividade e expresividade (en función do resultado das entrevistas individuais e grupais que recollan cales son os centros de interese maioritarios se decidirá cal é o obradoiro elixido)
- Obradoiro de socialización no que se intentará potenciar a creación dunha asociación xuvenil ou deportiva que vincule aos mozos e mozas e contribúa a dinamizar o barrio.
- Taller de saúde e alimentación. Inclusión de clases de cociña recuperando e poñendo en valor menús vinculados coa comunidade xitana.
- Obradoiros para a mellora da imaxe social da poboación xitana e para a creación de referentes válidos para os mozos e mozas xitanos: podería ser contar con algún pintor de etnia xitana de recoñecido prestixio que impartira o obradoiro ao tempo que facía algunha intervención no barrio. A participación na actividade procura un referente ao tempo que establece vínculos.

Inclusión e transición ao emprego: Ate 30/11/2022: 1.500 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose
- Deseño do proxecto de inclusión socio laboral
- Acompañamento Sociolaboral
- Intermediación laboral
- Taller de busca activa de formación dirixido aos mozos e mozas entre 16 e 25 anos que deixaron a escolarización sen acadar titular
- Taller de apoio ao estudio e técnicas para traballar desde a familia
- Prevención de riscos laborais

Formación adaptada: Ate 30/11/2022: 400 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 200 horas

- Formación dixital
- Preparación competencias clave e formación en conciencia e expresións culturais

Apoio á inclusión residencial: Ate 30/11/2022: 500 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 200 horas

- Prevención da discriminación no mercado da vivenda
- Obradoiro de convivencia: realización de actividades interxeneracionais e interculturais en torno aos centros de interese que se detecten no diagnóstico
- Mediación e resolución de conflitos

METODOLOXÍA E PERSPECTIVA DE XÉNERO:

A metodoloxía ten en conta tanto o traballo individual como o familiar, grupal e comunitario.

O modelo en torno ao que pivota o proxecto é o de *Educación de calle* para transformar a situación actual de conflitos de convivencia: sensibilizando á poboación, construíndo redes de colaboración e xerando espazos de convivencia. É fundamental a mediación social e intercultural.

- Coordinación co centro de saúde, centros de ensino e asociacións presentes nos barrios así como coa policía
- Activa e participativa
- Role -playing
- Traballo en grupo en torno a centros de interese
- Resolución de problemas: a actuación deriva dun compromiso, dun contrato.
- Acompañamento. Esta metodoloxía de acompañamento é motivadora, incentivadora e facilitadora para que a persoa/familia confíe nas súas capacidades e potencialidades.
- Traballo en rede. Articulando os recursos para evitar duplicidades e solapamentos na comunidade

A perspectiva de xénero se concreta en:

- Desagregar datos por sexo tanto en diagnóstico como en avaliación
- Ter en conta as necesidades de flexibilidade e conciliación para asegurar a participación de homes e mulleres
- Se utilizará unha linguaxe inclusiva non sexista e se coidará a linguaxe e os materiais didácticos que se vaian utilizar
- Se incluírá a perspectiva miticultura xa que se parte de que a cultura pode ser tanto un factor de riqueza como de conflito e se trata de potenciar a multiculturalidade como un aspecto transformador das relacións humana e polo tanto de loita contra os prexuízos.

INDICADORES:

A avaliación que se fará será mixta, cualitativa e cuantitativa.

Os indicadores farán referencia a logros e a actividade:

Indicadores de logros:

Número de persoas que acadan o 80% dos obxectivos propostos

Indicadores de actividade:

Número de actividades realizadas con cada persoa e co conxunto e grado de execución das actividades.

Así mesmo se fará avaliación en tres momentos:

-Avaliación inicial: coincide co diagnóstico individual e a creación de grupos

-Avaliación continua: Axustando os obxectivos e reformulándoos no caso de ser necesario. As técnicas utilizadas serán as entrevistas e os cuestionarios.

-Avaliación final. Mediante cuestionarios cuantitativos e cualitativos.

PROFESIONAIS:

1 Psicólogo/a (30% da xornada): 607 horas

2 Educadores/as de calle: 4.046 horas

1 Orientador/a laboral (1/2 xornada compartido con Persoas en situación de sen fogar) 1.011,5 horas

Se contemplará bolsas para asistencia ás accións formativas e axudas para desprazamento cando as accións se desenvolvan nunhas instalacións que precisen para o seu acceso o uso de transporte

Solicitud de subvención:

Básica	2.300 horas x 19,14 €/hora Máis o 20% artigo 15, a), 1º	44.022 euros 8.804,4 euros
Transición	2.200 horas x 19,14 €/hora Máis o 20% artigo 15, a), 2º	42.108 euros 16.843,2 euros
Adaptada	600 x 19,14 €/hora Máis o 40% artigo 15, b)	11.484 euros 4.593,6 euros
Residencial	700 x 19,14 €/hora Máis o 40% artigo 15, e)	13.398 euros 2.679,6 euros

Ferrol,

Psicóloga Benestar Social
Colex G-0387

M^a Jesús Calvo Camba

Conforme,
A concelleira delegada da Área de
Benestar Social e Patrimonio Histórico
Eva Martínez Montero